

O presente documento estará
 exposto no Taboeiro de
 Anuncios desta Deputación
 desde o día 17/1/2019
 ata o día 28/2/2019
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIXIANCIA

Anuncio

PUBLICACION DA RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2019 POLA QUE SE NOMEA AO TRIBUNAL PARA A SÚA CONSTITUCIÓN E SE CITA AO TRIBUNAL E AOS ASPIRANTES PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO PARA CUBRIR 5 PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN, ESCALA ADMINISTRACIÓN, XERAL, SUBESCALA XESTIÓN GRUPO A-SUBGRUPO A2 DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA. (BOP 281, 09 de decembro de 2016)

"Tras ver a proposta do deputado delegado da Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a teor do seguinte texto:

"Por Acordo da Xunta de Goberno de data 04 de novembro de 2016, apróbase a convocatoria e as bases xerais e específicas que rexerán o proceso para cubrir 5 prazas de Técnico de Xestión, encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A - Subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical e/ou horizontal (BOP 281, de 09 de decembro de 2016) e corrección de de erros aprobada por Acordo da Xunta de Goberno de 5 de maio de 2017 (BOP 115, de 22 de maio de 2017)

Visto o punto 7 das Bases Xerais que rexen o presente proceso selectivo, propónse á Presidencia, que en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Pilar Ferreiro Martínez, Técnico de Xestión na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Manuel Ángel Jove Losada, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo

Suplente: Dona Margarita Tarrío Álvarez, Técnica de Administración Xeral na Sección de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Antonio Arias Lombardero, Técnico de Xestión na Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Castro Liz, Técnico de Administración Financeira e Contabilidade da Sección de Xestión de Orzamentos da Deputación de Lugo

SECRETARIO:

Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario Interventor Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

2º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL PARA QUE COMPAREZAN NO SALÓN VERDE DA DEPUTACIÓN O MARTES DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2019, ÁS 10 HORAS, PARA A SÚA CONSTITUCIÓN.

3º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E MÁIS AOS ASPIRANTES PARA QUE COMPAREZAN NO SALÓN DE PLENOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO (BASE ESPECÍFICA 5ª.1) O LUNS DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2019, ÁS 9 HORAS E 30 MINUTOS.

4º.- *Publicar a presente resolución no Taboleiro de Edictos e na páxina www.deputacionlugo.org, apartado Emprego Público.*

As impugnacións contra a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público."

Polo anteriormente exposto e , en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes."

Pazo Provincial, 16 de xaneiro de 2019.- A SECRETARIA XERAL, P.S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0141

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 17/1/2019
ata a día 28/2/2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

